



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

COBERTURA DAS HORAS ASIGNADAS AO COMEDOR ESCOLAR DA SEDE DO CRA NOSA SEÑORA DO FARO. EXP. 2024/X999/000039

Pola providencia desta alcaldía de data 07-02-2024 dispúxose o inicio do expediente para a cobertura das asignadas ao comedor escolar da sede do CRA NOSA SEÑORA DO FARO, por medio da modificación de contrato a unha das limpadoras de instalacións municipais, fixas discontinuas a tempo parcial, segundo a orde de prelación da lista aprobada pola resolución da Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023). Realizados os chamamentos o TAX-coordinador xeral na data de 19-02-2024 emite o informe-proposta que é do seguinte teor literal:

“INFORME-PROPOSTA

I. Antecedentes:

- Informe do coordinador de Servizos, Manuel Javier Vidal Varela, de data 01-02-2024 sobre a necesidade de contratación de persoal para a limpeza do comedor escolar do CRA NOSA SEÑORA DO FARO.

-Providencia de Alcaldía de data 07-02-2024.

-A necesidade a cubrir é a limpeza do comedor escolar do CRA NOSA SEÑORA DO FARO, cun cupo horario de 10 horas semanais.

-Lista de persoal laboral fixo de limpadoras de instalacións municipais, fixas discontinuas a tempo parcial, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023), a cal está formada polas seguintes persoas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUPO HORARIO E DESTINO
1	LEMA ROJO MARIA ISABEL	***3227**	15 horas semanais / 3 h. diarias Escola Unitaria de Pazos e Xornas
2	GARCIA SOUTO MIRIA MARIA	***5555**	30 horas semanais Escola Eduardo Pondal (4 h. diarias) Escola Unitaria de Brántuas (2 h. diarias)
3	PÉREZ LEMA ROSA MARIA	***1422**	35 horas semanais / 7 h. diarias Escola Eduardo Pondal
4	CARABEL FERREIRO TERESA	***6367**	26 horas semanais / 5,20 h. diarias Escolas As Forcadas de Corme
5	PEREZ CANCELA MELANIA MARIA	***0813**	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tallo
6	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tella



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

-Informe da funcionaria D^a. María José Sueiro Pose de data 13-02-2024, sobre o resultado dos chamamentos realizados segundo a lista de persoal laboral fixo de limpadoras de instalacións municipais, fixas discontinuas a tempo parcial, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023), o cal é do seguinte teor literal:

“....

Logo de realizar os chamamentos, atendendo á orde de prelación obtida polas candidatas no proceso selectivo de estabilización polo cal resultaron nomeadas persoal laboral fixo, conclúese o seguinte resultado:

- 1. LEMA ROJO MARIA ISABEL, con DNI ***3227**, candidata número 1: Realízase chamamento telefónico o día 08-02-2024, contestando que rexeita cubrir as horas mediante escrito presentado por rexistro o 09-02-2024, con número de entrada 202400000000160, alegando problemas de conciliación coa súa vida persoal e familiar.*
- 2. CASTRO SOUTO, PAMELA con DNI ***6714**, candidata número 6: Efectúase chamamento o día 08-02-2024 por vía telefónica, aceptando cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 09-02-2024 (R.E. núm. 202400000000171).*

Non se realiza chamamento ás candidatas número 2, 3 e 4 por sobrepasaren, no caso da súa aceptación, a porcentaxe máxima de xornada laboral semanal estipulada, nin á candidata número 5, Melania M^a Pérez Cancela, por serlle concedida unha excedencia voluntaria de 2 anos, con data de inicio do 01-02-2024.

.....”

II. Consideracións xurídicas

A necesidade que se pretende cubrir por medio da modificación dun contrato de traballo fixo discontinuo a tempo parcial ten o carácter de estrutural.

O artigo 12 do ET define o contrato a tempo parcial como aquel no que a súa prestación de servizos durane un número de horas ao día, semana ou ano, é inferior á xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.

A xornada de traballo máxima legal de carácter semanal é de 40 horas ou aquela que se estableza no convenio de aplicación, e deberase ter en conta que nesta Administración non existe convenio colectivo vixente, polo que legalmente a xornada a tempo completo deberá ser inferior á máxima legal, polo que as candidatas números 2, 3 e 4 da vixente lista non son consideradas porque a modificación dos seus contratos co novo cupo horario a cubrir transformaríase os seus contratos actuais a tempo parcial en contratos a tempo completo, e en concreto coas candidatas número 3 e 4 sobrepasaríase a xornada máxima semanal.

A modificación do contrato da candidata número 6 co novo cupo horario de 10 horas quedaría cunha prestación total de 20 horas semanais, e sería xunto coa candidata núm. 1 a candidata idónea, se ben a número 1 non aceptou o chamamento.

O soldo a percibir sería proporcional á nova prestación semanal.

*Deberase ter en conta o informe sobre os chamamento anteriormente transcrito, no que consta que a candidata número 1 non aceptou o chamamento, e a candidata número 6, CASTRO SOUTO, PAMELA con DNI ***6714**, acepta cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 09-02-2024 (R.E. núm. 202400000000171).*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

A lista de persoal laboral fixo discontinúo a tempo parcial, na categoría de limpadoras de instalacións municipais, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023), quedaría coa nova modificación da seguinte maneira:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUPO HORARIO E DESTINO
1	LEMA ROJO MARIA ISABEL	***3227**	15 horas semanais / 3 h. diarias Escola Unitaria de Pazos e Xornes
2	GARCIA SOUTO MIRIA MARIA	***5555**	30 horas semanais Escola Eduardo Pondal (4 h. diarias) Escola Unitaria de Brántuas (2 h. diarias)
3	PÉREZ LEMA ROSA MARIA	***1422**	35 horas semanais / 7 h. diarias Escola Eduardo Pondal
4	CARABEL FERREIRO TERESA	***6367**	32 horas semanais Escola As Forcadas de Corme (5,20 h. diarias) Nave do GES (6 horas semanais)
5	PEREZ CANCELA MELANIA MARIA	***0813**	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tallo
6	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**	20 horas semanais Escola Unitaria de Tella (2 h. diarias) Comedor escolar do CRA NOSA SEÑORA DO FARO (2 h. diarias)

Previamente a ditarse a resolución modificativa do contrato deberase someter a proposta á fiscalización previa da intervención municipal.
.....”

Consta informe das retribucións a percibir coa modificación do contrato de data 23-02-2024 polo importe mensual total de 661,50 euros de salario e custe de seguridade social a cargo da empresa de 228,16 euros.

Elevado o expediente á fiscalización previa da intervención municipal, emítase o informe favorable na data de 27-02-2024.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

PRIMEIRO.- Modificar o contrato da limpadora de instalacións municipais, persoal laboral fixo discontinúo a tempo parcial, no cupo horario de 10 horas semanais para a limpeza do “Comedor escolar do CRA NOSA SEÑORA DO FARO”, totalizando así 20 horas semanais de prestación, de CASTRO SOUTO, PAMELA con DNI ***6714**, a cal acepta cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 09-02-2024 (R.E. núm. 20240000000171), polo que as súas retribucións a percibir serán proporcionais á nova xornada a prestar, na mesma categoría



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

profesional, Grupo V, grupo de cotización 10, polo importe mensual total de 661,50 euros de salario e custe de seguridade social a cargo da empresa de 228,16 euros.

SEGUNDO.- Aprobar a modificación e actualización da lista de persoal laboral fixo discontinúo a tempo parcial, na categoría de limpadoras de instalacións municipais, aprobada pola resolución de alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023), que quedará da seguinte maneira:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUPO HORARIO E DESTINO
1	LEMA ROJO MARIA ISABEL	***3227**	15 horas semanais / 3 h. diarias Escola Unitaria de Pazos e Xornes
2	GARCIA SOUTO MIRIA MARIA	***5555**	30 horas semanais Escola Eduardo Pondal (4 h. diarias) Escola Unitaria de Brántuas (2 h. diarias)
3	PÉREZ LEMA ROSA MARIA	***1422**	35 horas semanais / 7 h. diarias Escola Eduardo Pondal
4	CARABEL FERREIRO TERESA	***6367**	32 horas semanais Escola As Forcadas de Corme (5,20 h. diarias) Nave do GES (6 horas semanais)
5	PEREZ CANCELA MELANIA MARIA	***0813**	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tallo
6	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**	20 horas semanais Escola Unitaria de Tella (2 h. diarias) Comedor escolar do CRA NOSA SEÑORA DO FARO (2 h. diarias)

TERCEIRO.- Notificar á interesada, publicar na sede electrónica municipal e dar conta ao Pleno do concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, na data da sinatura dixital.

O alcalde

A secretaria
(Aos efectos do art. 3.2 do RD 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado